

Pazo dos Vallejo - Colmenero

090090

Datos de Localización

Pazo

Nomenclator: 3203207
Coord. UTM: X: 60376925
Y: 465329911
Concello: Xinzo de Limia
Parroquia: GUNTIMIL
Lugar: Gudes
Tipoloxía: Arquitectura Civil
Tipo: Pazos
Subtipo: Pazo



Denominación: Pazo dos Vallejo - Colmenero
Etaapa Histórica: Idade Moderna
Estilo relevante Barroco

Outros Estilos:

Descrición:

De pranta cuadrangular, trátase dun edificio construído en moi boa cantería de perpiaño, se ben nas fachada leste que dá cara un patio interior, empregouse perpiaño irregular. Remarcáronse as zonas de esquina con pilastras con capitel dórico e todo o lenzo que fachada con un baquetón. No muro ábreanse, gardando orde e simetría fiestras e portas de aire con montante e remátase o paramento con unha cornixa en gola con gárgolas lisas. Na fachada norte colocouse un balcón voado sobre base elegantemente moldurada ó que dan servizo dúas portas. Xusto por debaixo un portalón de entrada enmarcado por pilastras. Encima, un escudo de armas, cuia descrición sería a seguinte: cuartelado en cruz. Primeiro, catro estrelas. Segundo, cinco follas ben ordeadas. Terceiro, lúa e dúas estrelas. Cuarto, tres fajas. Timbrado de ielmo con penacho adornado con lambrequíns que caen ós lado do escudo.

Seguindo a fachada cara ó leste e na esquina, arranca unha portada, que no seu día contou con un pequeno tellado, que soprtaban os canzorros que nela se poden ver. Na parte superior vense dous pináculos piramidais que acompañaban a unha cruz que derrotou un temporal. A portada dá acceso a un patio, ó redor do cal se dispoñen outras construcións de menor entidade, pechando todo o espazo coa fachada leste do edificio.

Outro dos elementos interesantes do edificio será a cheminea da cociña. Trátase duna construción ó carón da casa, con tellado a dúas augas que no crucele levanta unha cheminea troncopiramidal con un remate antorchado sobre catro pés en forma de orelleira.

En 1777 Gonzalez de Ulloa, na súa *Descrición*, dá a seguinte información: "es asimismo distinguida la hermosa casa de D. Antonio Vallejo y Loaces".

BIBLIOGRAFÍA:

FERNÁNDEZ OXEA, José Ramón. *Descripción de los Estados de la Casa de Monterrey en Galicia por D. Pedro González de Ulloa (1777)*. Cuadernos de Estudios Gallegos, anexo IV. Santiago de Compostela. 1950

DOCUMENTACIÓN:

Ficha do catálogo do planeamento urbanístico do Concello de Xinzo de Limia. Clave de Identificación: C-9

Características Construtivas

Plantas:	B+1
Edif. Anexas:	
Mat. Fachada:	Granito
Mat. Estrutura:	Granito
Mat. Cuberta:	Tella
Elementos singulare	
Construtivos:	
Decorativos:	

Delimitación do Ben e da contorna

Situación:	Outros
Area de Protección:	100m.

Protección

Tipo de ben:	BIC
Proposta de tipo de ben:	
Estado de Tramitación:	Declarado
Nivel de Protección Arq.:	Estrutural
Proposta Nivel de Protección Arq.	
Grao de Protección Arq.:	-----
Proposta Grao de Protección Arq.	-----
Xustificación da Protección:	É declarado Ben de Interés Cultural con arranxo ó Decreto 571 / 1963 do Ministerio de Educación Nacional.
Titularidade	
Polígono:	
Parcela:	

Conservación-Intervención

Estado de Conservació	Regular
Uso Actual:	Vivenda
Alteracións Morfolóxicas	
Tipo:	
Data:	
Descrición:	A casa ten bastante fragmentada a súa propiedade, o que fai que existan notables

diferencias dunhas partes a outras. Do mesmo modo, a casa sufriu moitas alteracións, sobor de todo, en canto a engadidos, que a modificaron sustancialmente no seu aspecto visual. Así nomeadamente, na fachada oeste, instalouse unha galería, así como se pechou con muro de granito sen desbastar todo o espazo dianteiro, de maneira que se disimula notablemente a entidade da edificación, máxime na zona da casa que gozaba de maior amplitude con respecto ó espazo circundante. No lateral sur, construíuse unha estancia adosada. No tellado proliferan as chemineas e a contaminación visual é agudizada pola proliferación de postes e cables de tendido eléctrico.

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

Bens Mobles











